



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Estatística: Estatística I

Materia	Estatística: Estatística I			
Código	V03G100V01205			
Titulación	Grao en Economía			
Descritores	Creditos ECTS	Sinalle	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Estatística e investigación operativa			
Coordinador/a	Rodríguez Campos, María Celia			
Profesorado	Rodríguez Campos, María Celia			
Correo-e	mcrdguez@uvigo.es			
Web				
Descripción xeral	Estatística I é unha materia de formación básica que se imparte no segundo cuatrimestre do primeiro curso do Grao en Economía e consta dun total de 6 créditos ECTS, que se corresponden con 150 horas de traballo do alumnado. Con esta materia preténdese, en primeiro lugar, que o alumnado sexa capaz de manexar adecuadamente a información contida nun conxunto de datos. Para iso, aprenderá a organizala, representala gráficamente e resumila nunha serie de indicadores cuxa correcta interpretación permitiralles obter unha visión global do funcionamento do proceso en estudo. Por outra banda, proporcionarase ao alumnado a ferramenta teórica básica para comprender o comportamento dos fenómenos aleatorios, entre os que se inclúen numerosos procesos económicos, e os diferentes modelos que se utilizan para representalos. O seguimento do curso de Estatística I, xunto co de Estatística II no segundo cuatrimestre do segundo curso, dotará ao alumnado da capacidade de afrontar as distintas etapas dunha investigación estatística, desde a formulación dun problema real ata a interpretación das análises realizadas, que permitirán entender mellor as características do fenómeno estudiado e aplicar este coñecemento en ámbitos como a predición do seu comportamento futuro.			

## Competencias

### Código

A2	Que os estudiantes saibam aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudio.
A3	Que os estudiantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudio) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
B2	Competencias ligadas á procura e organización de documentación e á presentación do seu traballo de maneira adecuada á audiencia
B7	Fomentar o espírito investigador, desenvolvendo a capacidade para analizar problemas novos cos instrumentos adquiridos
C1	Comprender as ferramentas matemáticas básicas, necesarias para a formalización do comportamento económico
C6	Adquirir coñecementos de Análise económica
C8	Habilidades na procura, identificación e interpretación de fontes de información económica relevante e o seu contido
C10	Capacidade de formular modelos simples de relación das variables económicas, baseados na utilización de instrumentos técnicos
C12	Avaliar, utilizando técnicas empíricas, as consecuencias de distintas alternativas de acción e seleccionar as más idóneas
C13	Capacidade de elaborar informes de asesoramento económico
D5	Habilidades para argumentar de forma coherente e intelixible, tanto orais como escritas
D7	Fomentar a actitude crítica e autocrítica

## Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia

Resultados de Formación  
e Aprendizaxe

Organizar en táboas e representar gráficamente un conxunto de datos	B2	C10 C12
Coñecer os principais coeficientes utilizados na análise descritiva dun conxunto de datos		C1 C6
Calcular os coeficientes apropiados segundo a natureza das observacións e o tipo de análise a realizar	A2	B7 C6 C10 C12 C13
Interpretar adecuadamente os resultados obtidos na análise descritiva dos datos	A3	C6 C10 D5 D7 C13
Comprender o concepto de experimento aleatorio e identificar os posibles sucesos		C1
Coñecer e comprender o concepto de probabilidade e as súas propiedades		C1
Resolver correctamente exercicios sobre cálculo de probabilidades	A2	B7 C1
Comprender o concepto de variable aleatoria e distinguir entre variables discretas e continuas		C1 C6
Calcular probabilidades relativas a unha variable aleatoria		C1 C6
Coñecer e obter as principais características das variables aleatorias		C1 C6 C10
Coñecer os principais modelos de distribucións utilizados na representación de variables aleatorias		C1 C6 C10
Identificar que variable debe utilizarse en cada situación particular e discernir o modelo adecuado para representala.		C6 C10
Identificar as variables aleatorias independentes		C1 C6 C10
Resolver correctamente exercicios sobre variables aleatorias e as súas distribucións	A2	C6 C10
Manexar o programa estatístico utilizado na materia	B2 B7	C8 C12 C13
Interpretar adecuadamente as saídas de resultados do programa estatístico	A3 B7	B2 C6 D5 C8 D7 C13

## Contidos

Tema	
TEMA 1. Introducción	Concepto e obxecto da Estatística. Etapas dunha investigación estatística. Estatística Descritiva, Teoría da Probabilidade e Inferencia Estatística. Conceptos básicos e notacións. Variables cuantitativas e cualitativas.
TEMA 2. Distribucións de frecuencias unidimensionais	Frecuencias dunha variable estatística e as súas propiedades. Distribucións de frecuencias agrupadas e non agrupadas. Representacións gráficas. Medidas de posición: media, moda, mediana e cuantiles. Medidas de dispersión: percorridos, varianza, desviación típica e coeficiente de variación. Simetría e asimetría. Diagramas de caixa.
TEMA 3. Distribucións de frecuencias bidimensionais	Frecuencias bidimensionais. Distribucións marxinais e condicionadas. Independencia estatística. Covarianza e coeficiente de correlación. Asociación entre variables cualitativas: coeficientes chi-cadrado de Pearson e V de Cramer.
TEMA 4. Probabilidad	Experimento aleatorio. Espazo muestral e sucesos. Operacións con sucesos e as súas propiedades. Definicións de probabilidade: clásica (regra de Laplace) e frecuentista. Definición axiomática de Kolmogorov da probabilidade. Consecuencias dos axiomas. Probabilidade condicionada. Teorema do producto. Teorema da probabilidade total. Teorema de Bayes. Independencia de sucesos.
TEMA 5. Variables aleatorias unidimensionais	Definición. Función de distribución. Variables aleatorias discretas: función de probabilidade e propiedades. Variables aleatorias continuas: función de densidade e propiedades. Características dunha variable aleatoria: esperanza matemática, moda, mediana e cuantiles, varianza e desviación típica, asimetría.
TEMA 6. Principais distribucións discretas	Uniforme. Bernoulli. Binomial. Xeométrica. Binomial negativa. Hiperxeométrica. Poisson.
TEMA 7. Principais distribucións continuas	Uniforme. Normal. Exponencial. Gamma.

TEMA 8. Introdución ás variables aleatorias bidimensionais	Definición. Función de distribución. Variables discretas e continuas. Distribucións marxinais e condicionadas. Independencia de variables aleatorias. Covarianza e coeficiente de correlación.
--	--

Planificación	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas	7.5	7.5	15
Prácticas con apoio das TIC	7.5	7.5	15
Seminario	5	5	10
Resolución de problemas de forma autónoma	0	20	20
Estudo previo	0	26	26
Foros de discusión	0	1	1
Lección maxistral	30	30	60
Resolución de problemas e/ou exercicios	2.5	0	2.5
Exame de preguntas obxectivas	0.5	0	0.5

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	Descripción
Resolución de problemas	Resolveranse exercicios similares aos dos boletíns de problemas dos temas correspondentes a cada sesión. Os/as alumnos/as deberán entregar a solución dos exercicios propostos pola profesora para a súa corrección e cualificación.
Prácticas con apoio das TIC	Nestas sesións utilizaremos un programa estatístico, aplicando as técnicas introducidas nas clases teóricas a distintos conxuntos de datos. O alumnado deberá resolver, utilizando o mesmo programa, os exercicios propostos pola profesora. O ficheiro de resultados xerado deixarase na plataforma Faitic para a súa corrección e cualificación.
Seminario	As/os alumnas/os poderán expor todas as cuestións ou dúbidas que teñan sobre os temas correspondentes, tanto a nivel teórico como práctico. Ademais, resolverán cuestionarios tipo test con preguntas teóricas e prácticas dos temas indicados, co obxecto de valorar o nivel de comprensión alcanzado. Para iso utilizarase a ferramenta de cuestionarios da plataforma Faitic, que xerará unha cualificación que tamén formará parte da nota final.
Resolución de problemas de forma autónoma	O alumnado deberá resolver pola súa conta todos os exercicios do boletín de problemas e realizar os cuestionarios de autoevaluación dispoñibles na plataforma Faitic.
Estudo previo	Preparación do exame final
Foros de discusión	O alumnado poderá expor cuestións ou dúbidas sobre contidos teóricos ou prácticos utilizando os foros dispoñibles na plataforma Faitic
Lección maxistral	Nas clases de teoría presentaranse e desenvolverán os contidos de cada tema, acompañados dos exemplos necesarios para facilitar a asimilación dos conceptos básicos e a aplicación dos métodos estadísticos introducidos.  Con anterioridade ao comezo de cada tema, proporcionarase, a través da plataforma Faitic, un boletín de problemas, dos cales a profesora resolverá en clase algúns exercicios tipo.

Atención personalizada	Metodoloxías	Descripción
	Seminario	O alumnado poderá expor cuestións ou dúbidas sobre contidos teóricos ou prácticos durante as sesións de titoría en grupo.
	Foros de discusión	O alumnado podrá expor cuestións ou dúbidas sobre contidos teóricos ou prácticos utilizando os foros dispoñibles na plataforma Tema

Avaliación	Descripción	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Resolución de problemas	Nestas sesións os/as alumnos/as resolverán de forma individual varios exercicios, cuxa solución se presentará por escrito e será recollida pola profesora para a súa corrección e cualificación.	22.5 A2 A3	B2 B7 C1 C6 C10 C12 C13

TIC	Prácticas con apoio das Utilizando un programa de análise estatístico de datos os alumnos e alumnas realizarán os exercicios propostos, xerando un ficheiro de resultados que se deixará na plataforma Faitic para a súa corrección e cualificación.	15	A3	B2	C6	D5 B7 C8 D7 C12 C13 C12
Seminario	Nestas sesións as/os alumnas/os resolverán cuestionarios tipo test utilizando a ferramenta de Cuestionarios da plataforma Faitic.	15	A2	C1	C6	D7 C10 C12
Resolución de problemas de forma autónoma	Valorarase o traballo do alumnado mediante a súa participación nas clases teóricas e prácticas e a utilización das ferramentas da plataforma.	7.5				D5 D7
Resolución de problemas e/ou exercicios	Exame final (exercicios)	32	A2 A3	B7	C1 C6 C8 C10 C12 C13	D5
Exame de preguntas obxectivas	Exame final (cuestionario)	8	A2 A3	B7	C1 C10 C12	D5

### Outros comentarios sobre a Avaliación

A cualificación final da materia calcularase como o máximo entre E e  $(0.4 \times E + 0.6 \times P)$ , sendo E a nota do exame final e P a nota das demais probas (ambas notas sobre 10).

Para superar a materia, o alumnado debe obter unha cualificación maior ou igual que 5 (sobre 10) na nota final, debendo alcanzar polo menos 3.5 puntos (sobre 10) no exame final. Se unha alumno/a realizou algunha proba anterior ao exame final e obtén neste unha nota inferior a 3.5 puntos (sobre 10), a súa cualificación final da materia será o mínimo entre as dúas cantidades seguintes: a) 4.5 e b)  $0.4 \times E + 0.6 \times P$ .

O criterio de avaliación será o mesmo en todas as convocatorias.

As datas dos exames poderanse consultar na web da Facultade: <http://fccee.uvigo.es>

### Bibliografía. Fontes de información

#### Bibliografía Básica

Casas Sánchez, J.M. y Santos Peñas, J., **Introducción a la Estadística para Economía**, Editorial Universitaria Ramón Areces, 2002

Esteban García, J. y otros, **Estadística Descriptiva y nociones de Probabilidad**, Paraninfo, 2008

Uña Juárez, I., Sanz Martínez, J. y Tomeo Perucha, V., **Cálculo de Probabilidades**, Garceta Grupo Editorial, 2009

#### Bibliografía Complementaria

Casas Sánchez, J.M. y otros, **Ejercicios de estadística descriptiva y probabilidad para Economía y Administración de Empresas**, Pirámide, 2006

Martín Pliego, F. J., **Introducción a la Estadística Económica y Empresarial**, 3ª ed, Paraninfo, 2004

Martín-Pliego, F. J. y Ruíz-Maya, L., **Fundamentos de Probabilidad**, 3ª ed, Paraninfo, 2013

Martín-Pliego, F. J.; Ruíz-Maya, L. y Montero Lorenzo, J. M., **Problemas de Probabilidad**, Thomson Paraninfo, 2006

Peña, D., **Fundamentos de Estadística**, Alianza Editorial, 2008

Pérez, C., **IBM SPSS Estadística Aplicada. Concepto y ejercicios resueltos**, Garceta Grupo Editorial, 2013

Rohatgi, V. K. and Saleh, A. K. Md. E., **An Introduction to Probability and Statistics**, 3rd ed, Wiley, 2015

Tomeo Perucha, V. y Uña Juárez, I., **Estadística Descriptiva**, Garceta Grupo Editorial, 2009

### Recomendacións

#### Materias que continúan o temario

Estatística II/V03G100V01403

#### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Matemáticas: Matemáticas I/V03G100V01104

### Plan de Continxencias

#### Descripción

==== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen

atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

#### ==== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

Mantéñense as mesmas metodoloxías impartindo a docencia mediante videoconferencia a través de Campus Remoto e utilizando, si é o caso, a plataforma de teledocencia Faitic para a entrega de exercicios ou realización de cuestionarios.

No caso de "Prácticas con apoio das TIC" tentarase utilizar un programa estatístico que estea disponible para os alumnos.

\* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías):

Realizaranse titorías mediante videoconferencia no despacho virtual (con cita previa), foros de Faitic e correo electrónico.

\* Información adicional:

Os alumnos terán á súa disposición na plataforma Faitic todo o material necesario para o seguimento da materia (apuntamentos, boletíns de problemas, solucións de exercicios e prácticas,...) así como cuestionarios de autoavalaciación.

#### ==== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Mantéñense as mesmas probas pero realizadas en modalidade non presencial mediante o uso combinado de Campus Remoto e a plataforma Faitic.

Nestas probas o alumnado debe identificarse visualmente, presentando o correspondente documento, e permanecer conectado coa cámara activada até a súa finalización.

---